

APOCALISE 2038. O GARDIÁN DO INFERNO

As píulas de manganeso e fósforo sabor a amorodo aplácanlle a fame do corpo pero non a da alma. Os órganos funcionan á perfección despois de noventa e oito anos de vida. É o que ten o mundo da tecnoloxía do 2099. O ser aberrante do futuro. Aínda que a razón segue aí. Non se pode borrar pola emoción. Merece a pena vivir nunha terra morta? Morta de verdade. Iso ten sentido?. Non. No fondo do seu ser, alá no recuncho do que era antes a súa vida, sabe que non. Marcus sente o sabor da amargura baixando pola súa gorxa.

O distrito 33, o que se facía chamar Castro de Baroña, adopta a forma dun deserto, unha grande explanada bañada por unha cor borrallenta, sanguinolenta. Polo menos é o que perciben os ollos cuasi centenarios de Marcus. Nunca pensou que o soño do celta acabase así dese xeito.

A primeira vez que os seus pés pisaron Baroña deseguida sentiu o pasado celta. Aquel que proclamaba Pondal, ou mesmo Curros, nun aceno por rescatar o ancestral guerrilleiro que noutrora mamou a nosa terra, por moito que os de máis adiante, os máis críticos cos nosos antergos, quixesen crear a incerteza de se realmente habitaron o chan galego ou non. Tanto lle ten, non é tempo de rifas cos descendentes de Breogán. Agora iso xa non existe. Nin o mar batendo contra a península pedregosa, nin o sol agochándose no Atlántico, ou o cambaleo das mareas masaxeando agarimosamente a durmidela dos brancos areais. É á penas un refacho de luz na memoria de Marcus.

A transición do que é agora o distrito 33 non foi brusca. Foi aos chiscos. Coma a do distrito 36, que seica foi o Xurés, parque natural ben esplendoroso da baixa Galiza. Ou mesmo a do distrito 39, as antigas Fragas do Eume, que tamén levaron ou seu. Todos os distritos antes ou despois recibiron nas súas costas as pegadas da man asasina do home.

Ata que os bisnetos de Breogán lle deron morte á terra que os viu nacer non quedaron tranquilos. A vinganza, ou o a vea guerrilleira que nos vén á cabeza coma o sol de inverno, vai ti saber. O conto é que Marcus, un dos poucos moradores que quedan con conciencia, non lle ve lóxica ó terrorismo de balde contra a terra que tanto amou.

As cinteladas máis fortes levounas alá polo ano 2016, cunha enchente de incendios que a deixaron degolada de todo. Nun estado lamentable. Xa hai ben anos, certo é, e Marcus ten que botar man do que lle contaba o avó, o primeiro gardián do distrito 33. Só quedaron gravados na memoria dun neno os primeiros berros dunha terra moribunda coma o cheiro a verdume e lavanda.

Despois desa primeira vareada, imposible recuperar o alento. Non foi quen de erguer cabeza como é debido. Ata que no 2038 a choiva ácida acabou co pouco que quedaba no que antes disque se facía chamar Galiza. Un anaco de auténtica cor verde, na que ninguén reparou ata que quedou despexada. A apocalipse do 2038 por desgraza xa estaba escrita nos libros de historia antes de que chegase, coma se fose un conto de ciencia ficción imposible de materializar. ¡Que pailáns fomos todos! pensa Marcus. Se inda cremos que o primeiro home que pisou a lúa era de gaucho.

O deserto foi seguindo o seu trazo coma o leite dun río que desauga na boca do inferno, ata chegar ó que é agora, unha terra estéril, erma. Nada quedou. U-lo cheiro a mofo, ou a lixo de comida recente pero viva? onde foi? Tornouse polo anódino resplandor de píbulas milagreiras que borran a memoria nun suspiro.

Non. Marcus non pode esquecer. A súa memoria é difícil de reprogramar por moita tecnoloxía que exista, e malia que un neno cando contemplou por derradeira vez a cor vermella das papoulas. Loita con todas as súas forzas por non silenciar, por non enterrar o ser de antes, o que lembraba o azul da auga, o verde da vexetación e o prata da lúa.

Agora é Marcus, o gardián do inferno. Un ser chupado, de riscos marcados cun aceno de carne entre o papo e as tempas, e ollos desapaixonados. Inda así, non deixan de ser incitantes. Non se resigna a calar. Algo queda do outro ser. Do neno que se resgardaba ó abrigo do lar nas noites de xeadas coas orellas ben abertas escoitando historias na voz morna de seu avó. Sinxelamente trátase dun xogo que só el coñece. Repetir coma unha ladaíña varias combinacións nas súas conexións neuronais para evitar esquecer as cores da vida. É un xogo simple para unha mente sofisticada coma a súa.

O que ninguén sabe, nin sequera os outros gardiáns dos vinte distritos da contorna, é o que agocha debaixo da manga. Mentres a escasa multitude que quedou despois da choiva ácida mata o tempo absorta coas mans entre a ferralla, a existencia de Marcus está en continuo movemento. Non se resigna a ser un simple bufón tendo conta do inferno.

O proxecto que agocha debaixo do deserto é a ambición coa que calquera heroe do seu tempo soña. A arca de Noé do século XXII. Só de pensalo sente o pulso nos oídos. Coma se fose un tolo maníaco, un delincuente. Non son falsas ilusións nin moito menos. O proxecto é capaz de funcionar. Diante del érguese a outra realidade. Grazas á tecnoloxía, á que desta vez o mundo noxento do futuro lle pode extirpar un azo de coherencia, o gardián foi arrincando do chan ermo as células nai do principio da vida. Unha pequena cela sen ventás é o seu universo particular.

As flores de primavera florecen nos cepillóns, arremetendo contra a vida irracional de fóra. Un feixe multicolor de rosas, tulipáns, mesmo xuncos, azucenas, camelias e moitas máis. Nun recuncho do pequeno espazo comezan a agromar dous salgueiros, cinco bidueiros, un carballo e o proxecto dun castiñeiro, a única especie que se lle resiste na clonación a partires dun anaco de cortiza que atopou entre a ferralla.

Todas as noites, mentres os habitantes do distrito continúan a xornada dedicándose con esforzo a matar o tempo baldío, Marcus transfórmase. Enche os pulmóns de saborosos aromas de fragancias e mestúrase entre elas. Déixase caer nesa levedade complexa, doutra época. Coma un soño virtual. Todo se agranda, magnifícase. Marcus entra nun mundo á parte. Conta estrelas, escoita o son das ondas, o ruído dos bechos no monte, o aroma das froitas maduras. Si. Todo son visións. Perfumes, sons, músicas maravillosas e gratuítas.

Volve outra vez á súa mente privilexiada o remorso do fedor. Bótao de menos. Que cheiro queda fóra?. A ferruxe, a goma queimada. Non. A terra erma non cheira a nada. Nin sequera bota fedor. Onde quedou o fedor reseco do unto vello e a requeixo podre? O que revolvía o corpo e sacaba os ácidos do bandullo ata trousalo todo. Ai humilde fedor; Agora sabería a gloria bendita. Marcus queda durmido, nese sopor livián, o que quizabes tiveron os primeiros celtas sen pensar o que viña despois. O que calma a dor e disipa a mala conciencia. Ese. Ese mesmo.